

Concepción Burgo pide de urxencia no Parlamento que a Xunta conxele a conversión do IES As Mercedes en FP

A deputada socialista vén de rexistrar na Cámara preguntas orais e unha proposición non de lei para que o Goberno galego realice “un estudo racional da situación educativa” en Lugo “coa participación de todos os sectores afectados”

A deputada socialista Concepción Burgo vén de rexistrar no Parlamento varias preguntas e unha proposición non de lei para que a Xunta conxele a decisión “precipitada, sen consenso e sen respecto pola comunidade escolar” de eliminar ESO e Bacharelato no IES As Mercedes de Lugo para convertelo nun centro de FP integrado, o que suporía o traslado de máis de 200 alumnos e 28 profesores. Burgo presentou as iniciativas con carácter de urxencia “polas graves consecuencias que a medida tomada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten para a comunidade educativa e o concello de Lugo e a apertura da matrícula de ESO e Bacharelato en datas moi próximas”.

A socialista solicítalle á Xunta na proposición non de lei “conxelar o acordo do Consello da Xunta do 21 de marzo, relativo á conversión do IES As Mercedes en centro integrado de FP” e, ademais, “realizar, coa participación de todos os sectores afectados e á vista das reformas educativas en trámite, un estudo racional da situación educativa da zona, e da cidade de Lugo en xeral, no que se teñan en conta todos os aspectos pertinentes”.

Por outra banda, a deputada preguntarlle aos responsables do Goberno galego “cales son as causas que motivan a desaparición de ESO e Bacharelato” no centro, “en que análises, estudos e datos” se basea esta decisión e “por que se tomou de xeito unilateral sen falar coa dirección do centro e as ANPAS”. Ademais, quere que desde a Consellería expliquen se “non lles preocupa que toda a zona sur da cidade de Lugo, a máis dinámica demograficamente, quede sen instituto”, e que dean argumentos de “por que as remodelacións de ensinanza e desaparición de prazas afectan sempre aos centros públicos e nunca aos concertados”.

Lugo, 28 de marzo de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

Mercedes Cernadas
Directora de Comunicación
628 179 013
psoeprovinciallugo@gmail.com